



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/5

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 16 DE MAIO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA MARIA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

a) Parte resolutiva

1.- Aprobación acta sesión anterior

A acta da sesión anterior celebrada o día 13 de maio de 2024, queda aprobada cos votos a favor do grupo municipal PSOE (5), PP(3), IxM (2) e a abstención do grupo Mixto (1), manifestando Dna Merce Barrientos que a acaba de recibir e quérea ler con detemento.

2. Suplemento de crédito 2/2024

A secretaria explica que os grupos municipais teñen copia da proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Contas.

A continuación intervén o Sr. Alcalde:



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

“ Prevese partida para redacción e dirección de obra de proxecto porque hai técnico municipal pero non o pode facer todo, e as veces requírese proxectos de persoal con outra titulación, por exemplo Enxeñaría. Teremos esa partida preparada por se fai falla. O proxecto dos Miradores presentouse a unha subvención da Xunta pero non a deron ,abriuse o período para petición ás 12 e ás 12:20 xa se acabaron os fondos.

Na partida de maquinaria vai incluído un equipo de vídeo actas, 28.000€ para adquisición de contedores e suxeita contedores, un brazo desbrozador, moi necesario para os traballos de roza que fai un empregado municipal cunha maquinaria obsoleta e avariada.

O Plan de limpeza e de roza prevese facelo en todo o municipio. Pasáronse os os Pregos e aquí está a proposta.

A partida para persoal, de 290.000€, xa ven a un pleno anterior e segundo a información que me dan é o necesario para sacar adiante os salarios dos traballadores municipais.

Para obradoiro de emprego consígnanse 18.000€, as cotas da Mancomunidade e unha aportación de carácter extraordinario por unhas obras no punto de captación para asumir a parte que corresponde a cada concello e que non cubre a subvención que a Deputación Provincial dará para elo.

Consígnanse 25.000 euros para actividades deportivas e 15.000 para actividades de Conciliación pois a Xunta rexeitou dar axuda a Muxía para elo, para pintado de sinalizacións nas rúas, que xa se trouxo o ano pasado pero non se fixo por estar pendente o arranxo das rúas, 10.000€ para máquinas de deportes.”

A continuación intervén Dna Merce Barrientos,: “Entregamos unha emenda conxunta e negociada na que tratamos de respectar as cousas das que se deu explicación ou documentación.

O proxecto dos miradores que respectamos, aínda que hai cousas raras como a previsión dunha instalación e auga quente... que debe ser un erro. A dotación de vídeo actas que xa solicitamos no seu momento e que agora é máis necesario que nunca. A dotación de contedores,que esperamos que xunto coa dotación que xa hai faga que o pobo e a zoa rural estean máis limpos.

Campamento de conciliación, estamos de acordo con que os nenos o teñan e en canto ao plan de limpeza, se lle dixo cando foi á Comisión sen ser capaz de presentar un plan que fixera un programa e o fixo e aprobamos esta situación.

Tamén están incluídos o obradoiro de emprego e os pagos á Mancomunidade. A maquinaria de deportes tamén e cremos que o ximnasio ten unha maquinaria precaria e antiga. Incluímos tamén a proposta de mantemento infraestruturas.

No REC non incluímos as facturas sobre as que pedimos información no pleno pasado e non nola dou.

O resto das partidas non incluídas son as que non se aportou documentación ou non se explicou nunha comisión informativa.

Seguen sendo incapaces de negociar.”

Intervén o Alcalde: “ Eliminas o tema de deportes, se te dou agora os puntos, reconsiderarías incluílo?

Continúa o Alcalde: “ Doulle a noraboa a Javier polo eminente nomeamento como Alcalde e á representante do BNG, outra vez tonto útil.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Unha persa do grupo intervéñe interrompindo ás intervencións sendo conminada pola Alcaldía a abandonar a sala negándose a facelo.

O Sr Alcalde pide que esta circunstancia conste en acta manifestando que “se trata dunha persoa vinculada ao BNG”.

Continúa o Sr Alcalde: “ Noraboa Javier, dixéronche de ías ser Alcalde e con esa moción que estades preparando seralo, o BNG é o tonto útil de novo, puxo no seu día no poder ao PP, é experto en por á dereita no goberno, foi quen puxo ao PP en Muxía. O PP comeu ao BNG que nunca máis levantou cabeza, caeu máis baixo porque a actual voceira está levando ao BNG á extinción. Póñense de acordo para quitar cousas para Muxía, neste caso a min. No pasa nada. Ao BNG sírvelle dar a Alcaldía aos independentes segundo contan os asesores, interlocutores de IxM porque o voceiro non debe ter a capacidade suficiente para elo.

Ocultan aos veciños cousas, a Moción de censura está aí. Ao BNG de Muxía, a pesar da supremacía que cree ter a voceira, fállalle as contas de como augar a Javier Sar co- gobernando co PP. Hai problema aquí, alguén ten que comer e o PP non vai dar os seus tres votos porque si, haberá que darlle unha concellería á voceira do PP que xa non é deputada, e hai tamén que saciar a outra parte do PP. Hai quen dimite pero non dimite, hai que alimentar a esa parte do PP e buscarlle un oco a Sofía. A nova incorporación do PP pide tamén o seu sitio. Garganta profunda está tamén aquí e elo vai polos asesores e algún concelleiro”

A secretaría indica ao Alcalde que se cinga á Orde do Día.

Continúa o Sr Alcalde: “ O que sacades sacado está, é unha unión para quitar”.

Volve a intervir unha persoa do público dicindo “Eso chámase acoso”, solicitando o Alcalde a súa constancia en acta.

Continúa o Alcalde: “Non ten nada que dicir o BNG de sacar a cantidade para deportes, ofrezco facer un reseso e considerar o de deportes.”

Dna Merce Barrientos intervéñe: “ O BNG doulle a oportunidade de quitar os insultos ao BNG e a súa actitude segue a ser de acoso nos últimos plenos, quero que retire os seus insultos e falta de respecto continuadas. Vostede ten que preparar a documentación e ten Comisións nas que pode negociar cos grupos e se non o fai non é culpa do BNG. Non precisa receso, temos unha emenda e se non retira os insultos non me diga nada máis.”

Contesta o Sr Alcalde: “Vostede trae agora unha emenda e nós tampouco a vimos antes. O BNG nunca nos ofreceu falar, estou a insistir non a acosar. Quita o do brazo de roza, ten algún problema co operario que roza?”

Dna Merce Barrientos contesta que : presente vostede un plan de limpeza, ao que o Alcalde lle pregunta se o liu e se pode dicir se o brazo está previsto nel.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén seguidamente D Javier Sar: “ Non vou a entrar no seu circo e na maneira de levar o pleno. Quero facer cousas máis serias. O único que ten un problema é vostede porque non se da conta de que ten que chegar a acordos coa oposición porque está en minoría. Hai aí partidas que se sacaron no pleno anterior porque non daba explicación e agora as deu e se traen. Por que imos a aprobar o de deportes se non deu información sobre elo. Cando o traía aprobarémolo como o plan de limpeza. Esta emenda facémola porque vostede non traslada información á oposición nin chega a acordos con ela, só nos chama cando precisa o remanente e facer obras con el.

Vostede lee o que trae? No proxecto de miradores fala de iluminación e auga quente... seguramente é un corta e pega pero debería de miralo antes. No prego de limpeza fala varias veces de corte de árbores....

Contesta o Sr Alcalde: “ Quitas 30.000 €. É para a redacción de proxectos e dis isto de corta e pega.? É todo o que tes que dicir sobre a modificación? É o que lle di o asesor?. Pois cambiémolo urxentemente que o único que quere e colocar aos seus familiares no Concello. Poñedes en tela de xuízo o traballo dun funcionario cando estades a rexeitar unha partida para axudarlle.

D Javier Sar responde que non pon en dúbida o traballo de ningún funcionario e que quería argumentar sobre a modificación pero que ante as interrupcións continuas do Sr Alcalde non seguiu coa intervención.

Outra persoa do público intervén interrompendo as intervencións.

A continuación intervén Dna Sandra Vilela, : “ Levamos unha hora de Pleno e non se falou de nada. Vostede que leu os pregos non se deu conta dos erros?. Na informativa preguntóuselle polo cadro de persoal e non sabía de que ía. Preguntóuselle sobre as actividades deportivas e non sabía a que se referían. Trae as cousas a Pleno e na Comisión non sabía de que ían. Pode explicarnos agora en que consisten as actividades deportivas?. Criticaba vostede á oposición porque non preguntábase nada nas Comisións Informativas. Ademais envíanos un escrito dicindo que non podemos falar cos funcionarios do Concello, e se non podemos a quen preguntamos as cousas, porque vostede non sabe?. Fai folclore para non falar do que trae hoxe aquí. Chegue a un consenso coa oposición dos proxectos que quere redactar con eses 30.000€ e aprobaremos esa partida. Séntese coa oposición, acorde eses proxectos.

En canto ao persoal, non entende porque non se aprobou en Pleno e volvo a explicarllo. Porque consideramos que o que ten que facer son os orzamentos municipais e así llo levamos dicindo fai anos. Na Memoria do suplemento fai referencia a un anexo de persoal do orzamento 2024, tráíao, pedinllo e non mo enviou. Deixe de mentir e manipular porque fai máis de tres anos que prometeu cambios a varios traballadores do Concello e non o fixo e di que a culpa é da oposición que non aproba eses 290.000€. Faga Mesa de negociación, faga orzamentos e terá a man estendida do PP. En canto a deportes, pon 10.000€ para maquinaria e rexeitou o ano pasado unha subvención da Xunta para equipamento deportivo por non tramitala en tempo e forma.”

O Sr alcalde dá lectura a unha proposta de actividades deportivas.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Continúa Dna Sandra Vilela : Quen lle quita a Muxía é vostede porque todas as propostas, mocións da oposición para que se fagan obras, infraestruturas etc, vostede as vota a favor pero despois non tramita ningunha. Vostede lle quita a Muxía pola súa ineficacia na xestión.

Vostede debe sumar a Muxía e facer un traballo serio. Se segue a quitar a Muxía pasará á historia como o peor Alcalde deste Concello.”

A Sra interventora intervén para advertir: “ Os conceptos da emenda están informados correctamente e non hai problema para a súa votación pero respecto ao REC, non se contemplan dúas facturas que están presentadas no Concello conformadas e aceptadas, correspondendo a dúas certificacións de obra, polo que advirto que non contemplalos na emenda pode dar lugar a enriquecemento inxusto para o Concello podendo o interesado acudir ao xulgado a reclamar cos prexuízos que elo pode carrega para o Concello, costas, intereses de demora, etc.

En relación ao tema de persoal debemos facer constar que dende o departamento de persoal trasladadas e así se fai constar no expediente, o anexo de persoal cos gastos deste para 2024. A diferenza son eses 290.000€ precisos para facer fronte a todos os gastos dese anexo, e a advertencia vai no senso de que nalgún momento os créditos do orzamento vixente non van ser suficiente para facer fronte a esas cantidades, e se non se fai MC oportunas nalgún momento algún servizo deixará de cobrar a nómina coas consecuencias que elo carrega para o Concello.

Intervén o Sr Alcalde: BNG, mantén eso?

Dna Merce Barrientos responde: “ Non recibín documentación ao respecto.”

O Alcalde pregunta á Secretaria que documentación lles foi remitida aos grupos municipais ao respecto da MC, respondendo esta que se lles enviou Proposta de Alcaldía, memoria de Alcaldía e Informe de intervención.

O Alcalde continúa: “Ten vostede a documentación precisa para poder votar, contestando Dna Merce Barrientos: Non teño capacidade de falar porque me interrompe constantemente e chegados a este punto, por cuestión de educación non vou a intervir máis e eso porque vostede está convertendo isto nun circo. Se tivese interese en que isto saíse adiante, levaría documentación á Comisión Informativa. Votarei as mocións, emendas...escoitarei pero non intervirei.”

D Javier Sar manifesta: “ A documentación desas facturas non é a que pedín, son obras do POS 2019 e 2021, e ter que haber un informe de por que ese incremento e ese informe é o que queremos. Cando lle pareza oportuno tráiao aquí e a empresa poderá cobrar.”

A Secretaria aclara que esas facturas refírense ao 10% da liquidación final da obra, tal e como prevé a LCSP.

Seguidamente intervén Dna Sandra Vilela: “Asumo a responsabilidade do que voto, pero non a da súa mala



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

xestión. Deberíamos de deixar aparte as vidas persoais. Eu non choro polos despachos.”

Sometida a emenda a votación, o Pleno polos votos a favor do grupo municipal PP (3), IxM (2) e mixto (1) e os votos en contra do grupo municipal PSOE (5), acorda aprobar a emenda presentada e polo tanto:

1.-Aprobar o expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ao previsto no artigo 177 do RDL 2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de intervención ao respecto, se considera o máis axeitado. As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente son as seguintes:

CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Inversión	454/619.00	30.079,94€
Maquinaria, instalacións e útiles	920/623.00	34.798,00€
Servizos externos en servizos sociais	231/227.99	15.000,00€
Limpeza	920/227.00	198.111,29€
Obradoiro de emprego, mancomunidade	920/466.00	18.000,00€
Subvención mancomunidade	920/763.00	11.583,33€
Maquinaria deportes	340/623.00	10.000,00€
Mantemento infraestruturas	151/210.00	26.912,15€
REC	1621/22799	12.061,50€
	323/22799	1.034,24€
	165/22100	723,80€
	165/22100	61,23
	160/22100	1.248,83€
	161/61900	13.120€
	161/22799	268,61€
	TOTAL	373.002,92€

Medios de financiamento do gasto.

-Proponse que a financiamento se realice con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 373.002,92€

O importe total da modificación proposta ascende a 373.002,92€

2.-Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincial polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presenten durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

3.- Recoñecemento Extraxudicial de crédito



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A Secretaría explica que os grupos municipais teñen copia da proposta ditaminada pola comisión informativa.

Sen xerarse debate o asunto é sometido a votación coas adaptacións que proceden ao non aprobarse creación de consignación no punto anterior para algunha das facturas inicialmente incluídas, e cos votos a favor do grupo municipal do PSOE (5), e a abstención do resto dos grupos asistentes PP (3), IXM (2) e Mixto (1), acorda:

-O levantamento do reparo da Intervención municipal.

- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito preciso, dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2024 por importe de 28.518,21€, e recoñecer as obrigas que se deriven del.

-Retirar por imposición legal xa que non se aprobou consignación para a súa aprobación no punto anterior, as facturas que se anexan do número de referencia seguintes:

-22023004095

-22024001366as no REC.

b) Parte non resolutiva

4.-Dar conta envíos trimestrais

O Pleno queda enterado dos envíos trimestrais e PMP de 25 días.

5.-Dar conta resolucións alcaldía do 19/3/2024 ao 13/05/2024

O Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía comprendidas entre o 19 de marzo e o 13 de maio de 2024.

De acordo co establecido no ROF, o Sr Alcalde pregunta se algún grupo quere introducir por razón de urxencia algún punto na Orde do Día, manifestando Dna Merce Barrientos a súa intención de introducir unha moción sobre sanidade.

Manifesta que considera urxente tratala pois xa a presentou por rexistro de entrada en abril e non foi traída a pleno e chega o período de vacacións con esta situación.”

Sometida a urxencia a votación, o pleno, por unanimidade dos seus 11 integrantes vota a favor da urxencia, cumprindo co quórum esixido para elo.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A continuación Dna Merce Barrientos explica o contido da moción,, manifestando que expón a situación que lle transmiten os profesionais sanitarios de Muxía.

O Sr Alcalde anuncia o voto a favor do seu grupo. No mesmo senso fai manifestación o voceiro de IxM.

Dna Sandra Vilela intervén: “ Imos a abstermos e é sorprendente que o BNG , que xunto co PSOE votou en contra da lei de prazas que permitiu que haxa pediatra hoxe en Muxía, traia agora esta moción. Un pacto do que apoia ao goberno central ao que a Xunta pediu o incremento de prazas MIR e non o fai. Seguramente hai cousas mellorables en sanidade pero a galega é unha das mellores de Europa.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, cos votos a favor do grupo municipal PSOE (5), IxM (2) e Mixto (1), e coa abstención do grupo municipal PP (3), aproba a Moción seguinte e polo tanto acorda:

- 1.-Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a mellorar a atención primaria e mellorar a atención de pediatría no centro médico de Muxía, dotándoas dunha correcta atención continuada á veciñanza.
- 2.-Reclamar ao SERGAS que se dota dunha base permanente de ambulancia a este centro médico para evitar esperas excesivas na atención ás urxencias neste concello, periférico e cunha poboación maior e moi vulnerable que vai en aumento e que precisa deste servizo.
- 3.-Solicitar ao concello que traslade ao SERGAS e ao Parlamento de Galicia este acordo

6.-Control órganos de goberno. Rogos e preguntas.

Inicia a intervención Dna Merce Barrientos:

Sobre subvencións, cal é o motivo de que a subvención para biblioteca 2024 fora denegada?. Vai a contestarme ás preguntas?

O Sr alcalde responde que non lle vai contestar agora, manifestando Dna Merce Barrientos que non fará máis preguntas porque o Sr Alcalde dille que non llas contestará, ocultando información ao non responder. Hai varias solicitudes de información do BNG, continúan que non foron atendidas e ocultar información á veciñanza é irregular.

Rógolle que actualice a pax web incluíndo os datos da corporación e publique no portal de transparencia os datos que correspondan.

Pode axilizar a Alcaldía ou a concelleira de Servizos Sociais a licitación do SAF da que teñen xa documentación pendente de que fagan un trámite administrativo?

Teña en conta as comunicacións do BNG sobre situacións que son perigosas para a veciñanza como unha casa en ruínas na praza de Quintáns sobre a que non se fixo nada, a retirada de elementos perigosos na pista polideportiva de Area Maior, transformadores como o de Castelo, liña eléctrica que está tocando case árbores en Agranzón...Tamén o entorno do Punto limpo que se encontra nun lamentable estado e o converte máis nun vertedoiro que nun punto limpo.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Teña en conta os escritos que lle enviaron sobre a transmisión de TV en Frixe que é moi deficitaria, con zoas de sombra.”

A continuación intervén D Javier Sar: “ Presentamos unhas preguntas por Sede. O Alcalde responde que as contestará ao rematar o Pleno.

Continúa D Javier Sar: “ Por que o vídeo do último pleno que se subiu ás redes sociais desapareceu? . Tamén algún Pleno anterior no que houbo insultos a representantes políticos, por que se borrou?.

O Sr Alcalde responde: “Contestarei por escrito”.

Ás 11:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

En Muxía, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña